

## UN VERÁN DE LECTURAS



A biblioteca do IES de Quiroga e o Club de Lectura recomandan:

Un clásico contemporáneo en galego:


Algo de historia:





Premios da AELG: de novela e de poesía



Algo para tod@s:










Poesía in memoriam



## BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DO I.E.S. DE QUIROGA. XUÑO 2015

### NOVIDADES



Non esquezas visitar: <http://biblioquiroya.blogspot.com/es/>

Non esquezas visitar: <http://biblioquiroya.blogspot.com/es/>

## ACTIVIDADES XERADAS NA BIBLIOTECA

A biblioteca do IES de Quiroga continuou xerando actividades lúdicas, relacionadas coa lectura e cos libros estes tres últimos meses:

Por unha banda, continuouse coa concurso “**Mafalda no noso IES**”, e houbo nova entrega de premios. Na imaxe podesde ver as gañadoras dos meses de xaneiro, febreiro e marzo:



Por outra, a conmemoración “**Abril de libros ... maio de letras**”, na que se uniron o Día do Libro e o Día das Letras, incluíu diversas pro-




postas, como a exposición “**Libros para ver**”, ou a actividade de creación interactiva “**Unha árbore de lecturas**”, que deixou unha morea de recomendacións de lectura no corredor da planta baixa.

Ademais, a biblioteca colaborou co Club de Lectura Libromanía para organizar as “**Lecturas compartidas**” e a terceira edición do **Mercado do Libro de segunda man**, para intercambiar exemplares.

Tamén se entregaron os premios aos gañadores e gañado-

ras do concurso dos Disfraces literarios (celebrado no Entroido) e o premio ao usuario da biblioteca que este ano retirou máis obras en préstamo. Cal sería o seu agasallo?



## PRÓXIMAS ACTIVIDADES PREVISTAS:

Aínda que finalmente houbo que adiar o concerto de **Sés**, previsto para finais do mes de maio, a cantautora e rockeira is rabuda do panorama musical galego estará con nós en outubro, para celebrar ao grande o Día das Bibliotecas.



Ademais dos temas emblemáticos dos seus dous primeiros discos (“Tempestades de sal”, “Non son fada”, “Milonga de aquí”, “Canto aquí, canto na Habana”, “Concordias de papel”, ...), presentará as composicións do seu novo traballo, “Tronzar os valos”. Se queredes ter máis información súa, podedes achegarvos á súa páxina web ([www.mariaxosesilvar.com](http://www.mariaxosesilvar.com)).

A exposición sobre a historia do cómic tamén foi esvarando perigosamente de datas ata o mes de xuño, polo que, aínda que xa hai materiais dese xénero que tan ben combina a imaxe e a palabra, será no primeiro trimestre do vindeiro curso cando se presente oficialmente e sexa visitable enteira.

## LECTURAS DE VERÁN DO CLUB DE LECTURA LIBROMANÍA (sección adultos)

